

GUÍA DIDÁCTICA:

GUÍA



**PROXECTO LEVADO A CABO CUNHA LICENZA
DE FORMACIÓN DURANTE O CURSO 2021-2022**

MANUEL MASEDA DEÁN E MARTIÑO RAMOS SOTO



**ESTE PROXECTO ESTÁ PROTEXIDO POR UNHA LICENZA
CREATIVE COMMONS ATRIBUCIÓN-NON COMERCIAL-COMPARTIRIGUAL 4.0**



INTRO:

A presente Guía Didáctica pretende ser unha **axuda para transitar** os diversos camiños que ofrece esta Aula Virtual. Tenta pois **facilitar o achegamento** ao coñecemento da proposta, dun xeito ordenado e progresivo para profesorado e alumnado.

A QUEN VAI DIRIXIDO:

As propostas didácticas aquí presentadas están pensadas para poder empregar na **aula de música en diversos niveis** (integralmente ou por secuencias).

A maiores tamén se pretende por en valor a **transversalidade das secuencias**, posto que poden ser empregadas nas aulas de **Matemáticas** (ao son das enquisas), profesorado de **TIC** (ao son da radio, ao son da creación), profesorado de **Lingua Galega** (ao son das letras), **Debuxo** (ao son dos encontros dialóxicos), **E.F.** (ao son do repositorio), **Tecnoloxía**, **Oratoria**, **Regueifa**, **Igualdade...** entre outras.

Acreditamos na Arte como ferramenta facilitadora da aprendizaxe significativa (**STEAM**), é por iso que apostamos por crear recursos didácticos dixitais e **propostas metodolóxicas activas** para implementar na aula dun xeito transversal.

CONTIDOS:

Máis de **1.000 enquisas** realizadas en **24 centros** educativos, **20 videos interactivos** con artistas do mundo da música e da video-creación, **6 secuencias didácticas** con cadanseu proxecto de investigación (ABP), **6 bloques de actividades**, **6 rúbricas**, **6 libros en H5P**, **4 repositorios** con diversa información (letras, listas de reprodución, referentes, prensa), **2 programas de radio**, **2 sintonías propias**, **20 videos lexendados**, **15 infografías...**

ESTRUTURA:

A presente Aula Virtual conta con un **primeiro bloque de presentación** (no que se inclúe esta guía e un video explicativo do proxecto) e **seis bloques** nos que se propoñen as **diversas secuencias didácticas**.

Cada un deses bloques conta con un **texto introdutorio**, unha ou **varias pezas audiovisuais** para facer referencia ao mesmo e **catro espazos comúns** para todos: **Infórma-T**, **Actíva-T**, **Proxécta-T** e **Valóra-T**



En todas as secuencias hai unha **primeira fase informativa**, unha **segunda con breves actividades individuais** para realizar polo alumnado, unha **terceira con**

unha **proposta de proxecto de investigación colaborativo** e unha cuarta na que poder facer unha **valoración da secuencia e aportar propostas de mellora**. Para cada proposta de proxecto de investigación realizamos unha mostra, pero deixamos abertas varias posibilidades máis para implementar de xeito expansivo. A intención é crear unha **rede de colaboración inter-centros** coas creacións que vaian xurdindo a partir das propostas iniciais.

En cada unha destas seccións teredes cumprida información do que podedes realizar en cada momento.

TEMPORALIZACIÓN:

Como xa citamos ao comezo, as **propostas didácticas** desta AV son totalmente **transversais e multiniveis**. Así pois, a **temporalización** das actividades vai **en función da programación** que desexemos realizar e dos recursos que queiramos empregar. Por exemplo, cada unha das propostas de **proxectos de investigación** ten unha **duración estimada de 6/8 sesións**. Nembargantes as actividades de visionado dos **encontros dialóxicos** -segundo os videos interactivos- poden ser recursos para intercalar en sesións programadas, deste xeito poderían empregarse en **16 sesións a modo de rutinas**. En definitiva, o concepto desta AV é crear un repositorio de materiais pedagóxicos versátil para que o profesorado o adapte a vontade ás súas circunstancias.

OBXECTIVOS EDUCATIVOS:

“Ao Son da nosa Música” pretende:

- .- Crear **ferramentas dixitais para compartir**: métodos, actividades, enfoques...
- .- Testar e practicar ditas ferramentas: **Probar métodos e capacitar axentes**.
- .- Practicar a **Reflexión Participativa** – Debriefing.
- .- Identificar e **mellorar narrativas tóxicas** a través da música.
- .- Construír narrativas en positivo analizando as **mensaxes das letras**.
- .- Creación artística para a expresión e **difusión da creatividade**.
- .- Favorecer os **encontros interculturais con artistas**.
- .- Empoderamento de persoas e de **axentes activos na comunidade educativa**.
- .- **Visibilizar a creatividade** do noso alumnado.
- .- Creación de **novos itinerarios ou escenarios educativos**.

Para acadar estes obxectivos, parécenos moi interesante tecer unha **rede de traballo colaborativo con artistas**. Baseándonos na filosofía das artes como elemento transformador educativo (STEAM), e traballando transversalmente

a igualdade e a convivencia positiva como proxecto interdisciplinar, achegando así:

- .- A Educación Regrada e a Educación Non Regrada
- .- As Artes ao eido Social e o eido Social ás Artes
- .- Achegar a Educación ás Artes e as Artes á INclusión Social

METODOLOXÍA E ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS:

A nosa metodoloxía xeral pretende fusionar diferentes liñas de campos de intervención propios:

En primeiro lugar, en canto ao proceso de ensino, a nosa metodoloxía ten como principio a **vivencia experimental da aprendizaxe**, creando situacións de aprendizaxe no centro de ensino mais vividos tamén fora do centro escolar, **abrindo a escola á sociedade**.

Deste xeito, ten especial importancia para nós a **creación e xestión de contidos educativos dixitais** coa intención de que o alumnado se convirta en protagonista dun proceso que crea comunicación en galego e comunidade na nosa lingua, arredor do movemento da música.

Neste sentido, entendemos este proxecto dentro do proceso de normalización como un campo natural, espontáneo, para a **habilitación de destrezas, habilidades, competencias na nosa lingua e no currículo de música**.

En segundo lugar, a nosa metodoloxía baséase no **desenvolvemento dunha comunidade de alumnado, profesorado e axentes colaboradores a través dunha xestión de relacións sociais**, identidades e creación cultural baseada nos principios da animación sociocultural, con raíces na pedagogía social, na socioloxía e nas ciencias aplicadas ao estudo das mudanzas sociais. Neste sentido, sabemos da importancia da animación sociocultural, a dinámica de grupos e o principio de **aprender xogando**, e a dimensión lúdica da aprendizaxe. Por outro lado, ao traballarmos participación de xente nova, impórtanos moito a creación de **identidade grupal** e identidades colectivas **arredor do tema da música**.

En terceiro lugar, interéranos metodoloxicamente a vinculación co **desenvolvemento de valores** entre os que a igualdade de xénero é fundamental. Pensamos que neste proceso, “Ao son da nosa Música” pode aportar actualidade, modernidade e a vitalidade da xuventude e renovar dinámicas.

ASPECTOS CURRICULARES NOS QUE SE INCIDE:

A nosa proposta está baseada nesas seis secuencias didácticas anteriormente citadas, para as cales creamos ao mesmo tempo os seguintes bloques de contidos secuenciados e adaptados ao nivel de cada curso no que se vai a empregar:

BLOQUE 1.- INTERPRETACIÓN E CREACIÓN

1.1 A Figuración rítmica: redondas, brancas, negras e corcheas e os silencios.

1.2 A altura das notas

1.3 O compás binario, ternario e cuaternario.

1.4 Utilización das grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas.

1.5 O corpo como medio de expresión musical : características xenéricas e vocais.

BLOQUE 2.- ESCOITA ACTIVA

2.1 Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.

2.2 Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e dos instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais.

2.3 Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.

2.4 Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura , forma, tempo, dinámica,...

2.5 Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.

BLOQUE 3.- CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS

3.1 A música ao servizo de outras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.

3.2 Pluralidade de estilos na música actual galega: características culturais, artísticas e formais.

3.3 Valoración e interese pola música e posta en valor do traballo das artistas.

3.4 Analizar e comprender a situación actual da música en Galicia e as estratexias para a súa difusión e fomento.

3.5 Recoñecer a importancia da linguaxe non sexista e non discriminatoria e analízala na música que escoitanl.

BLOQUE 4.- MÚSICA E TECNOLOXÍA

4.1 Utilización dos medios de comunicación, de dispositivos electrónicos, recursos da Internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita , a interpretación e a creación musical.

4.2 Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital, para rexistrar as creación propias, as interpretacións propias , as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.

4.3 Utilización das técnicas da información nos procesos de creación musical.

4.4 Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación para a radio.

4.5 Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.

RECURSOS DE AVALIACIÓN e RETROALIMENTACIÓN ÁS APRENDIZAXES:

Ao rematar cada unidade didáctica realizarase unha **valoración (Valórat)** para comprobar o grao de integración dos contidos por parte do alumnado e así continuar ca seguinte secuencia didáctica. Esa avaliación está formada por unha mestura de todo o traballado na Secuencia Didáctica. No caso de observar que non se acadaron os obxectivos propostos, o alumnado poderá realizar unha serie de actividades de reforzo para continuar traballando nos contidos xa propostos. E, do mesmo xeito, para o alumnado que acadou sobradamente os obxectivos, poderase continuar coa motivación por seguir aprendendo

mediante actividades de ampliación que tamén estarán deseñadas neste proxecto.

Para isto empregaranse diferentes instrumentos de avaliación: **rúbricas**, **actividades H5P** con autocorrección ou **cuestionarios** que ofrezan informes de avaliación estatísticos onde se detalla cales exercicios foron realizados e cales se resolveron correctamente.

No que respecta á **autoavaliación**, todas as actividades propostas están configuradas con un sistema de autocorrección que permite a todo o alumnado coñecer cales foron os erros cometidos ao realizar cada unha das actividades que se propoñen, e mesmo permite coñecer cal sería a resolución correcta.

Polo tanto, mesmo se o alumnado quere facer uso destes recursos dende a súa casa, poderá coñecer en todo momento se entendeu os conceptos da secuencia e se está realizando as actividades correctamente.

SECUENCIACIÓN ACTIVIDADES:

“Ao Son da nosa Música” presenta 6 secuencias didácticas



1.- AO SON DAS ENQUISAS: Elaboramos unha enquisa para poder crear unha rede de datos real sobre a situación actual da xuventude de cara ao consumo da música en galego. Nesta fase realizamos unha análise sobre un estudo de campo de máis de 1.000 alumnos e alumnas. Unha vez realizado o estudo xeral proposto achegamos a nosa análise e facilitamos a cada centro poder realizala a través da enquisa que se achega na Aula Virtual.

O **obxectivo** nesta primeira presentación é promover unha reflexión crítica e consciente sobre os hábitos de consumo cultural nos nosos centros. Así pois tendes á vosa disposición a enquisa en formato Moodle para poder editala, ampliála, modificala e realizala co voso alumnado.

O **mapa sonoro do teu centro!!!** Neste caso o alumnado pode realizar conxuntamente co profesorado un mapa musical do seu propio entorno. Isto permitirá tanto ao grupo aula, como ao corpo docente, visibilizar cal é a

realidade de coñecemento sobre a música en galego que se está a crear nos últimos anos.



2.- AO SON DOS ENCONTROS DIALÓXICOS: Realizamos unha serie de videos nos que entrevistamos a unha serie de artistas que participan activamente no proxecto. Estes encontros dialóxicos son o eixo vertebrador do proxecto. A partir destes encontros audiovisuais propoñemos unha serie de actividades para poder realizar unha aprendizaxe significativa.

O **obxectivo** é fornecer á comunidade educativa dunha serie de videos interactivos para achegarlle ao alumnado dun xeito directo a calidade e variedade artística que se está a crear na actualidade.

Recoñecéndonos!!! Nos propios videos inclúiranse unha serie de enlaces interactivos H5P que convidan á reflexión e á investigación. A proposta de proxecto neste caso é a de mergullarnos na creación de “Músicas Galegas Ilustradas”. De todos xeitos, con este material de base, a cantidade de proxectos de investigación que se poden formular son múltiples e variadas.



3.- AO SON DA RADIO ESCOLAR: Aproveitando que xa son moitos os centros educativos públicos que teñen radio escolar, propomos unha escaleta de programa radiofónico divulgativo con entrevistas a artistas.

O **obxectivo** é crear unha rede expansiva de entrevistas que podamos partillar entre os centros. Creamos unha sintonía común para as mesmas e un esquema

similar para darlle formato. Ao mesmo tempo, cada centro poderá realizar as preguntas que considere oportuno e facer medrar así en diversidade o proxecto colaborativo.

A Radio expansiva!!! contamos coa colaboración para o traballo en rede do colectivo de Músicas ao Vivo, Radio Espora e Proxecto Neo (entre outros). Realizamos 2 propostas radiofónicas (Guadi Galego e Ico do Sonoro Maxín), pero deixamos aberta a posibilidade a elaborar as 14 restantes entre os centros que se sumen á iniciativa.



4.- AO SON DA CREAÇÃO: A importancia da aprendizaxe entre iguais e o consumo de contidos audiovisuais entre a xente moza son dúas das claves ás que queremos achegarnos. Así pois, contamos coa colaboración dun YouTuber, "Cousxs" (Carlos Barcia), que fai divulgación musical nos seus directos.

O obxectivo é achegarnos aos video-clips dende unha óptica educativa. Así pois, partindo dun modelo de análise proposto co Midas das Tanxugueiras, achegarémonos ao tratamento da imaxe, das letras, a melodía, o ritmo e a harmonía co aseroramento de "Cousxs".

O que ha chegar!!! un camiño de construción masiva para fornecer unha comunidade de alumnado creador de contidos audiovisuais que faciliten a divulgación musical. O proxecto baséase en realizar unha pequena peza audiovisual analizando o último video-clip "Pícanme os ollos" de Guadi Galego.



5.- AO SON DAS LETRAS: Nesta secuencia imos traballar dúas liñas pedagóxicas. Por un lado a selección e análise dunha serie de letras para chegar a unha reflexión colectiva e por outra adquirir competencias para lexendar en galego.

O obxectivo é fomentar o espírito crítico do alumnado á hora de seleccionar a música que consume. Facendo un exercicio de escoita activa e análise das letras seleccionadas. Ao mesmo tempo observamos unha eiva importante nas plataformas dixitais para lexendar automaticamente en lingua galega e coidamos que un obxectivo é tentar reverter esta situación.

Verbolario construtivo!!! polos camiños do vento é un proxecto colaborativo para lexendar video-clips e solicitarlle ás artistas que engadan nas súas canles estas achegas. Deste xeito achegámonos á aprendizaxe servizo e facilitamos un subtítulado de apoio á comunicación, que posibilita a integración das persoas xordas ou con perda auditiva.



6.- AO SON DO REPOSITORIO: Espazo no que facilitaremos á comunidade educativa unha serie de recursos ordenados para poder empregar na aula.

O obxectivo é crear un repositorio (externo e tamén interno de redes), clasificado por espazos ben diferenciados (recursos, listas de reprodución, referentes, prensa...)

Timbre musical!!!!. un proxecto para mudar o timbre do centro educativo por un fío musical. Un xeito de fomentar e difundir música no espazo educativo dun xeito lúdico e ao mesmo tempo funcional. Avisando dos horarios de clase e lecer e xerando unha listaxe de temas ao longo do curso escollidos polo alumnado e polo resto da comunidade educativa.

Agradecementos:

Queremos agradecer en primeiro lugar a **complicidade e xenerosidade** de cada unha das e dos **artistas que participaron no proxecto**. Somos conscientes que consideran igual de vital elaborar este material para as aulas e medrar identitariamente como sociedade.

A Mila Diéguez, polo asesoramento estatístico. A Valentina Formoso e Xico Paradelo polo asesoramento lingüístico. A Natalia San José pola axuda coa maquetación. A Antía Ameixeiras, Carlos Abal e ao CFR da Coruña polo material audiovisual prestado para realizar as gravacións.

E a María Souto Lorenzo, a nosa asesora do CAFI, pola paciencia e bos consellos.